

Elofanía Tribloxia Poética (1995-1998)

**ESPIRAL MAIOR POESÍA**

Dirección literaria MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

**ELEVAR AS PÁLPEBRAS**  
III PREMIO DE POESÍA FERMÍN BOUZA-BREY  
(1995)

*Ao meu irmán Alberto*

Ilustración da cuberta: Cristina Ramírez

Deseño gráfico: MAM Deseño  
Maquetación: Amparo Manteiga

Reservados todos os dereitos de reprodución:  
nin a totalidade nin parte deste libro  
poden reproducirse ou transmitirse por ningún  
procedemento electrónico, mecánico ou fotográfico  
sen permiso escrito da editorial.

© Yolanda Castaño Pereira  
© Edicións Espiral Maior, S. L.

EDICIÓN S ESPIRAL MAIOR, S. L.  
Rúa da Democracia, 10 - Urbanización Mansosol  
15174 RUTIS - CULLEREDO (A Coruña)  
Apartado de Correos 192 - 15080 A Coruña  
Teléfono: 881 96 25 27 / Fax: 881 96 25 24  
edicions@espiralmaior.com

I. S. B. N.: 978-84-92646-18-0  
Depósito Legal: C 2356-2009

CULLEREDO - A CORUÑA - GALICIA - 2009



## ENTRE A SEIVA E A FLOR

Vede aquí, caros lectores de poesía, un libro que nace como o movemento ascendente da seiva —acción máxica que toca a vibración da vida e do tempo: do ser— e a beleza instantánea da flor que trae a luz, a forma e o sentido dunha linguaxe xerminal que, a través do verso, esa música sempre azulada, crea unha identidade precisa e real.

Yolanda Castaño é autora feliz dunha poética que ilumina, desde a súa sensibilidade textual, o espazo humano da experiencia: tensión adolescente e lúcida, rimbaudiana; amor en figuras tenras de posesión e ausencia, contacto surrealista de imaxe e símbolo que nos sorprende na textura do poema.

A poesía referve aquí e queima o labio silencioso do lector.

A poesía de Yolanda Castaño chega como unha espontaneidade de fonte, unha visión que no espello da linguaxe produce unha frescura admirábel, poderosa, entre tanta paisaxe morta que adoran e pisan os poetas decadentes de letra e espírito. A nosa autora *eleva as pálpebras* entre a seiva e a flor da razón poética. Exponse con toda a alma ao abismo, ver máis alá, ollar o pozo branco e iluminado que levamos dentro.

A poesía é un risco que se corre, unha brasa viva levada na palma da man, no fondo do alento. E respirar con todos os poros. Escribir nas espirais do sangue. Ser nun entusiasmo transparente.

Yolanda Castaño cruza hoxe a liña do horizonte que tocan os seus poemas. A viaxe será intensa. Xurdirán novos horizontes. O Poema avanza borrando toda sombra, iluminando o tempo. Porque sabemos que a nosa poeta coñece a gran Emoción, o ardente signo da poesía que marca, palabra a palabra, as páxinas do futuro. Alí estará ela.

MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

I.

## ESTA PRESA

LABARADA concreta e inmediata de xeografías precisas.  
Preamares frutais cimbreantes. Océanos  
de canela lambendo vales. Vapor de dunas. Movemento.  
E tremer de anticipación.

Nunha arroutada definitiva  
resarcir e atestar tantas carencias de anos.  
Inquebrantablemente abrir as comportas.  
Tantas mans apreixadas á forza e tantas  
exclamacións acaladas.  
Irremediabilmente abrir as comportas.  
Cánto choramos de impotencia estúpida naquela

gaiola inane.

Indispensablemente abrir as comportas.  
Tantas palabras contidas tantos bicos silenciados.  
Incorrixiblemente abrir as comportas.  
Espertar ó fin á inspiración gozosa.  
Indomablemente abrir as comportas.  
E deixarnos levar... deixarnos levar até o gusto extraordinario  
dunha tenrura brutal.

Inevitabilmente abrir as comportas.  
Despois de tantas apertas apagadas tantas  
sumerxidas.

Inesqueciblemente abrir as comportas.  
E notar agora nesta vaga de segura e neste  
naufraxio de area como até a raíz inacceptada do meu corpo  
entre o desfogue e a ambición te chama.

Inesgotablemente abrir as comportas.  
Erguerse a saciar esta alba saborosa  
entre ondas de aceite e gargalladas de laranxa temperá. Coma  
dous nenos que somos.  
E unha e outra vez abrir tódalas fiestras abrir



BEBER leite.

Veludo albar na epiderme lenísima dese túnel almado  
entre o ar alleo e o cerne do corpo.

Un beixo longuíssimo.

Aloumiño impausado gutural e branco  
mesmo até deixalo asomar liquidisimamente ás  
comisuras frescas da boca rosa.

Lene paz

fluidamente succulenta.

Co pracer morno e a textura increíble

Donda paz exquisita

de dimensión gorentosa.

Qué seda branca acougada bicando con suavidade  
as paredes ávidas da gorxa.

Aínda que ás veces as

présas ávidas da sede

me fagan apurala como menciña milagreira  
nesta enfermidade de fastío terminal.

Máis rápido. Máis rápido. O vaso enteiro.

Quéroa toda xa anegándome o

esófago.

Non importa xa o osíxeno as medidas as  
magnitudes frías

Apremante gaiola imantada

Branco solaz sixiloso e espléndido

Cortinaxe de plumas lácteas

Diálogos de caricia licuada

Un beixo ininterrompido

É coma

beber leite.

## ABECEDARIOS BALEIROS

ABECEDARIOS de azar amargurado.

Beixos de baldíos balorentos.

Camposas cansas de cinza cega.

Chairas de chumbo chaguazoso.

Dor de debuxos desfigurados.

Esvaemento de esperanzas ebrias.

Fumes fuxidos de fogaxes frías.

Gándaras de galaxias grises.

Hecatombe de herméticas herdanzas.

Idiomas de idades inaprensibles.

Lentura lene de lánguida laceira.

Mares de macias mágoas mancadas.

Nubes de náufraga nudez.

Outono de olladas orfas.

Poeira de pedra prateada.

Queixume de quietude queda.

Recendos raros de relentos rotos.

Saraiba de sorrisos secos.

Templos temperáns de torpes tentos taponados.

Universos de utopías últimas.

Vales de vagos vapores vagabundos.

Xardíns xementes de xarope xélido.

Zodíacos de zume zogado que zozobra.

CÁNTA ledicia abranguimos entón,  
  cando a tarde era  
inaprazablemente nosa, e o amor era coma un xogo...  
e nós eramos os nenos que somos para  
trenzarnos en gargalladas de pracer,  
e o leite era unha randeeira  
para rir e soñar coma nenos cativos.

E o amor era un xogo divertido e precioso.

Demorar partidas nas que ninguén perdía  
trastornando cerimoniais e pormenores encollidos.  
As medidas formais estouraban en  
  bombas de confeti e fogos de artificio.

E o amor era unha festa viva  
  para estes nenos que somos.

O leite era un tiovivo de cristais de cores  
e soltabamos os cabalos e voabamos tan alto,  
e tiñamos por todo son as nosas  
risas frescas de sucre.  
E todo era xogar...  
e non había normas...  
E non precisabamos mercar xoguetes prohibidos.

Lonxe de actos respectables e graves, uniformados.  
Compoñiamos feiras enchidas de sorpresas,  
nubes de bicos coloristas e cancións revoltas  
  en dialectos infantís.

A fantasía era un mar xeneroso  
  cargado de caramelos.

A tarde era leda...

e ti eras tan neno...  
fabricando castelos suaves na arxila espida da beira.  
E todo eran carruseis de gargalladas fosforescentes.

Cando o amor era coma un xogo  
  para estes nenos que somos.

## A VÉSPERA QUE NUNCA CHEGA

E aquí estou eu xacente nese andén senlleiro  
dunha hora triste e indefensa,  
e defórmanse os reloxos porque na néboa deste oco impune  
semella que nunca chega ese mañá onde aparezas.

Hai unha marusía pruínte  
tras a fenda de xéneros de flores.

Estou fatigada e parece  
que nunca chega mañá.  
Os minutos trastornados demoran músicas de seda  
nas que cantar as túas palabras e decorar o refuxio  
deses imperios lacustres.

Teño grises as mans neste luar desvelado e abatido,  
cada día e cada noite acósame o monstro implacable  
de que non vén esa véspera  
do día no que chegues.

Sobre paisaxes de siluetas desdebuxadas todo se viste  
deste amargo sobresalto e esta  
impaciencia.

Nunca chegas mañá.

E o mañá nunca chega.  
No cadaleito destes  
areais, os meus brazos extraviados por non  
/poder chamarte.

Qué aterradora sentencia a infinita presenza do hoxe.  
Nunca chegas mañá.

Entre o ceo derrubado todo son muros baleiros pola  
máis grande ausencia.

Nesta agarda que hoxe é infinita  
sinto unha seca friaxe que me cala até as entrañas,  
e nos pasos un lento esmorecer das pombas  
porque non chegas nunca  
porque non chegas nunca.

## AUSENCIA

AÍND A así podo recoller os peiraos da memoria que quedan para abrazalos na seitura.

O teu recendo de frasco de vidro, améndoa no beizo e ollar de fresas escarchadas.

Gorecerámonos das chuvias pretas de nubarróns guturais en evasión simbiótica cara enderezos confusos de lume branco mentres ti preguntabas quén eras, qué timbre silvestre de onda /insondable, na ordenación abafada por metraxas despóticas.

E eu neuralxia sedente cantaba unha canción mui triste de /heroes esquecidos.

Arestora nas coleccións de fiestras apartadas, de escapularios /leigos e de improvisados cuestionarios de proporcións estou botando de menos o teu recendo de frasco baleiro de /vidro, neno bonito de ausencia sentida e brazos de flor.

Agardando a que escampe esta segura triste e sorprendente dirixome ós especialistas, ós afortunados propietarios de razóns estatísticas para saber qué foi, de ónde é que saíu esta fe que me colleu por sorpresa.

E o día no que chegues voltaremos a fuxir para roubar un beixo e xogar a querernos sen sequera ternos decatado aínda.

Saber que si, que somos nós.  
Que tanto te boto de menos, criatura allea e marabillosa do ollar de fresas escarchadas e

brazos de flor.



## II

ERA case neno e berraba por ser alguén máis.  
Non pensaba perder unha soa  
proporción.

Falaba de tantas cousas.  
E mesmo diante dos seus pais dicía uns tacos  
terribles.

O neno medrou e trocou nun calvo deloírado con  
corenta e oito anos e un soldo razoable.  
Non perdeu un só partido de fútbol coas  
zapatillas de felpa por riba da mesiña.

A recepcionista gorda e vella e vestida de negro guinda un noxento sorriso de complicidade. Rebaixa parva no prezo. Douscentos tres. Televisor en branco e negro. Día dezaseis. Colcha de cor indefinida. Persiana que chía un pouco.

Non sabía que as festas da alma tivesen data e piso e número e metros cadrados.

Os individuos de sorriso dirixido e deprendido ritmo en logo nadaban a oito na mesta dimensión de fumes, bruidos e tecnicolor, sombras mareantes, confusión. Eles dous non se viran nunca antes. El fixouse no seu escote e ela no seu pantalón vaqueiro. Licor corenta e tres con coca-cola.

Cánto se bicaron nun recanto a carón dos baffles mesmo como /se fose unha  
demostración de  
amor.

NOS arquivos abstractos de príncipes que montan a cabalo perseguendo metáforas e tréboles fantásticos hai sempre unha estrela mui alta de invencible fulxencia que alumea inspiradamente o camiño. Eles andan á procura de fontes puras en mananciais inhóspitos, enxeñerías de besbesellos, e vereas adecuadas que levan a fenomenais castelos. Ás veces teñen a sorte de atopar indicadores ou mesmo van pedir consello á aldea dos biosbardos ou das meigas brancas. Logo buscan nas sombras ingredientes insólitos para misturar con moito esforzo en perolas mercadas na cidade. Traballan en administracións sumerxidas descoñecendo razóns e probas e sinais. Tódalas tardes cantan xuntos até o desazo himnos de luz ganchillados de versos fermosísimos. Van gardando sementes en caixiñas de carei que logo poden canxear por espellos amables e deterxentes metafísicos. Nin sequera teñen pena por non terse mirado nunca nos raios X pero é que eles sempre miran a fóra, coa luz imprescindible da súa estrela. Tamén adoitan refugar, tan enxoiros de preguntas e viaxes, obxectos que cobizan coma xeados de chocolate instalándoos en estanterías estreitas. Mesmo xogan con números, períodos, pretextos e herdades de aluguer. Algúns moi novos, con vellos mistos pintados, tentan construír torres rectas e barrocas.

Ignoran que a súa estrela non é máis ca unha ampola de cristal na que se fixo o baleiro, cun fío de tungsteno, platino ou carbono que, ó paso da corrente eléctrica, se pon incandescente producindo luz.

## O CONTRATO

CUBRIRON con exactitude o impreso en vixencia inexcusable, encheron puntuais os ocos baleiros con nomes completos,  
/enderezos e  
datas precisas de nacemento.

Cumprimentaron os estritos documentos mediante  
pólizas determinadas,  
certificados de pedra e facturas de florerías.

Riscaron as cuadrículas burócratas da forma máis sensual que  
puideron atopar naquel bolígrafo.

Non lembro xa cánto papel de estado empregaron na escritura  
/de ingreso nin cántas

sinaturas ensaiadas.

Logo fixeron con tino a  
inscrición legal gozosa no  
registro

e antes de que vencera o prazo foron acordar a  
cota mensual de beixos.

Non se esqueza  
que se amaron dende as nove corenta e cinco do vintenoventa de  
/maio

até as sete e tres minutos  
dun catorce de setembro.

A rotunda catástrofe caeu sobre as cabezas dos homes o mesmo ca unha acerba e espantosa treboeira. De unha soa vez miles de corpos en traxedia estalaron cun proído esgazante até o cerne dos ósos. Foi peor ca un andazo veloz aquela ferida punxente até a desesperación que asulagou dun trallazo tantos espíritos coma se fose un demo xigantesco. Rexos homes que estiveran quedos ante a guerra e a morte e a miseria. Naquela inmolación fatal de ilusións gravemente fundamentadas e de fondos alicerces el era só outro máis. As mans doentes, entumecidas, sostíñan a duras penas ese pranto acedo e terrible que o ateigaba até facelo tremecer. Eran bágoas de tristura de carraxe de impotencia que marcarían a súa vida con letras de loito por sempre quizais. Coa vista alzada ao ceo pregou cos ollos un porqué. Non houbo resposta.

Non podía aceptar que o seu equipo de fútbol fallase no penalti decisivo. /último intre aquel

## POÉTICA

COLLEITA de fonemas indecisos que penduraban de  
átomos lixeiros.  
Pola tarde, ao pé do meu berce, creceu un nome de silueta  
/ondulada que  
parecía querer ser masaxista e mercader da  
miseria dos ollos.  
Alimentar unha esfera adoecida de oquidade nocturna, e  
escomenzou a pilotaxe desnortada no seu xerme cara un  
templo por atopar.  
O nome xogaba co seu límite esvaído no equilibrio absurdo  
/dunha recriada  
xeometría nova.  
Crebando fumes. Ultraxando números que eran renques de  
/díxitos infindos.

Derrubar unha matemática accidental de teoremas fértiles.  
Catedrais casuais, algún demo fermoso.  
Progresión en abecedarios de arxila.  
Xeracións de lactantes  
grupos nominais.  
Atribuíndo flores e forzas e facultades a unha  
maxia dialéctica de metamorfose e  
coñecemento fondo da verdade e, con ela, da luz.  
Testemuña obrigada dun brado continuo, vexo a  
crónica de todos os días  
escorregar polos  
azulexos enluzados, ao enxoiito resumo dunha  
/morna sequidade.  
Eu facía o amor con xanelas novidosas alén da doente mágoa de  
/cobre embazado.

Decretos de mínimas

linguaxes fluviaais con letras maiúsculas e puntuacións prescindibles.

Calada poboai lacias láminas de sílex, sosa de imperativos nesta guerra de ameazas, con fervorosa paixón, en causas

vivas e fondas e certas

dun misticismo ledado e pagán nestes anos que non lle

cadran nin a tiros.

## ESTE É O MEU PODER

NA miña vida atopei  
a pedra filosofal.

Fenomenal alquimia nova á que todo lle serve.  
Non hai números abstractos nin minutos inútiles.  
E angurias fumarentas trocan en tropeis de

palabras coloristas.

Por encima de todo quizais o único que eu teño.  
Frios mouros arrepíos, traizóns de donda escuridade, feridas

/graves

renacendo en forma de belezas definitivas.

Elevación dos materiais humildes. Elevación  
dos humildes materiais.

Conto coa capacidade, o grande poder cualitativo  
de fuxir fuxir fuxir,  
escapular dun mundo en tebras  
cara outro alleo e limpo  
de paz que estila ouro e pracer na súa esencia.

Voan ventos confundidos de agradecemento que  
contan só co remitente.

O azar quizais, non importa, está aquí.

Velaquí o meu poder

-- o escudo, a condición.

Cando se atopa a pedra filosofal  
ferintes medos acabarán sendo belezas,

as angurias  
serán arte.

## PERTURBACIÓN VELAQUÍ

PERRY tiña razón

Pero hai esta maxia que se chama  
fantasía que abate medidas plásticas  
criación

desorbitada

irracional caótica que

rexeita canons e texturas e  
beleza mesmo nun intre para recriarse  
por dentro

esteticamente

e apenas se ve  
maxín devastador que non coñece consciencia  
nin xélida lei progreso caos  
nin sensatez contraditoria  
razón na racionalidade  
que nos proveu de tantas naturezas tantos  
froitos divinos.

Ábraste coma unha

flor sideral.

Precisamente.

Os animais non coñecen de

ARTE.

## COMEZANDO A LER

As derradeiras páxinas despedindo nubes e mapoulas  
en transfiguración de banzos e astros e rosarios  
nese abraio rouco  
de ar  
turbado  
por estas fames conxeladas  
de perdición solar en homenaxe.  
Non renuncio  
a esa tempestuosa plenitude,  
alborotando mármore en cancións fortuítas,  
atormentando piruletas grandes,  
nunha hora conmovida de sentina xigantesca.

Illa de profecía nova  
que me fai caer  
nunha tenrura insoportable.